

# A Fundación Rosalía de Castro.

## Presentación do número 3 da *Revista de Estudos Rosalianos*

**Begoña REGUEIRO**

bregueiro@filol.ucm.es

O 29 de decembro do ano 1995, no Colexio de Fonseca de Santiago de Compostela nace a Fundación Rosalía de Castro. Tiña por pai o Patronato Rosalía de Castro, fundado no 1947 no Hotel Compostela, e recibiu a legalización dos seus Estatutos pola Xunta de Galicia en decembro do 1997. A su misión era clara: fomentar e difundir o culto á memoria de Rosalía, de Manuel Murguía e dos seus fillos, entendendo dentro desta afirmación o coidado e ampliación do seu patrimonio, da súa casa e do seu mausoleo.

Grazas aos desvelos de Xosé Mosqueira Pérez e a colaboración económica de José Villar Granjel conseguíuse a adquisición da derradeira Casa de Rosalía, a casa onde a escritora morreu, a casa sita no lugar da Matanza, hoxe a Casa-Museo, gobernada pola Fundación, antes Patronato.

No mesmo contexto de conservación e ampliación do patrimonio rosaliano, coma unha das iniciativas para: “fomentar, soste e difundir o culto á memoria de Rosalía de Castro, do seu esposo Manuel Martínez Murguía e dos seus fillos; promover o estudo, edición e divulgación da súa obra e vida, da Galicia do seu tempo e da súa influencia posterior”, creouse un Centro de Estudos na mesma sede da Fundación, o CER, que viu a luz o 15 de xullo de 1999. Co proxecto do CER pretendíase a creación dunha biblioteca rosaliana, que incluíse traducións, estudos publicados ou inéditos, catálogos, programas etc., así como o impulso dunha serie de publicacións periódicas, como o *Anuario de Estudos Rosalianos*. Mesmo, pretendíase a edición escolar dalgunhas das obras fundamentais da autora, a tradución da súa obra a linguas de ámbitos nos que aínda non a coñecesen ben, e a creación dun simposio rosaliano que estimulase aos especialistas e licenciados para o estudo dos aspectos máis desatendidos da vida e obra da ilustre galega.

Así chegamos á publicación da *Revista de Estudos Rosalianos*, e concretamente, á saída do número tres da revista, que hoxe sostemos nas nosas mans.

Cómpre sinalar, en primeiro lugar, que a revista ve a luz cun notable atraso, seis anos despois do último número, e gracias a unha subvención concedida pola Consellería da Presidencia. Isto é o primeiro que observa Xesús Alonso Montero na presentación do número, e é unha indicación importante, porque o adiamento é responsabilidade da pouca asistencia que recibe o CER para a publicación do seu órgano oficial. Se nun momento fixo falta alzar a voz para conseguir a conservación da casa de Rosalía, mesmo hoxe parece preciso alzala para pedir a quen sexa pertinente o coidado que merece unha iniciativa coma a da *Revista de Estudos Rosalianos* que hoxe recibimos sen a sección de “Necrolóxicas” e cunha Biblio-grafía mermada respecto do número dous, pola falta de persoal que recolla e organice os títulos rosalianos.

Dito isto, e coa nosa voz xunto a do profesor Alonso Montero na xusta reivindicación, hemos de pasar ao recoñecemento dos valores desta nova revista do CER, coordinada, nesta ocasión, pola Profesora Helena Villar Janeiro e polo Profesor Fernando Pazos García.

A revista consta de cinco apartados que atenden a diversos aspectos do relacionado con Rosalía de Castro. En primeiro lugar atopamos unha serie de estudos referidos a obra rosaliana:

“Rosalía de Castro no epistolario Ramón Piñeiro (cartas e poemas) de Luís Pimentel e Alberto Machado da Rosa”, de Xesús Alonso Montero. Este artigo, como os que adoita ofrecer o profesor Alonso Montero, destaca pola erudición e polo ofrecimento das fontes aos ollos do lector.

Neste caso, atopamos a reprodución dos facsímiles de Pimentel, e accedemos á información acerca de Piñeiro e os seus correspondentes, acerca de Rosalía, a crítica rosaliana e os seus estudosos, que, de súpeto, se converten eles mesmos en obxecto de estudo.

Asimesmo, é destacable neste artigo, a referencia cruzada a outros textos da revista e, coma sempre en Alonso Montero, o alento aos novos investigadores para que abran liñas de estudo aínda sen explorar.

O artigo de Victoria Álvarez Ruiz de Ojeda, “Sobre ‘El Codio’ (1864), obra perdida de Rosalía de Castro”, constitúe unha exhaustiva revisión do que a crítica aportou en referencia a este tema —o ataque dos seminaristas á editorial na que estaban as probas do texto de Rosalía para o almanaque— ate o momento actual. A estudiosa, no seu artigo, descobre e revela o erro cometido pola bibliografía rosaliana e aporta novas versións dos feitos e novas fontes. Ademais, coma Alonso Montero, Ruiz de Ojeda aporta un importante apéndice documental con textos publicados nos periódicos da época verbo desde acontecemento.

Anxo Angueira publica “Os cantares populares en *Cantares Gallegos*” no que, tras asentar a premissa de que “Rosalía de Castro tiña un coñecemento podemos dicir que erudito dos cantares populares galegos” (2008: 39), revisa *Cantares Gallegos* á luz da relación existente entre os cantares populares recollidos e os textos rosalianos que os acompañan.

De X.L. Axeitos atopamos a “Crónica abreviada dun centenario: o casamento de Rosalía de Castro e Manuel Murguía celebrado en Madrid en 1858”. O estudioso céntrase nos actos conmemorativos celebrados na capital, especialmente o da Casa de Galicia de Madrid —ao que acudiu a filla do matrimonio, Gala Murguía—, e ofrece unha variada e rica documentación gráfica con fotografías do acto, reproducións das invitación ou o “Saluda” de Lobo Montero, presidente da Casa de Galicia naquel momento.

En “Rosalía despide aos amantes de Shakespeare. “Cantan os galos para o día” en Romeo e Xulieta”, Alfonso Becerra de Becerreá analiza os indicios de dramaticidade na dialoxicidade dalgúns poemas rosalianos e compara o texto de “Cantan os galos para o día” coa quinta escea do III Acto de *Romeo e Xulieta*.

Lydia Fontoira Suris estudia as relacións de Rosalía co *Almanaque de Galicia* e a evolución do mesmo, no artigo “Rosalía de Castro e o *Almanaque de Galicia*”.

Como nos outros artigos, a autora ofrece unha rica bibliografía na parte final do texto, e realiza, así mesmo, un labor de edición ao ofrecer os textos que Rosalía publica por primeira vez no *Almanaque* e sinalar as variantes textuais que aparecen en relación cos textos dos mesmos poemas incluídos nos libros da autora.

O último dos artigos é o de María do Cebreiro Rábade Villar, “Para que precisamos o estranxeiro? O poema de Rosalía de Castro a sir John Moore”, no que parte, para a súa argumentación, do ensaio de Bonnie Honig *Democracy and the Foreigner* (2001).

Pechamos así a parte de “Estudos”, na que consideramos remarcable a abordaxe de diferentes liñas de investigación que van dende a biografía, á obra, ao labor de edición, ao comparativismo e mesmo ás liñas máis cercanas aos estudos culturais, no artigo de Rábade Villar.

O segundo gran apartado que atopamos na revista está dedicado ao poema “A xustiza pola man”, e recolle as lecturas deste poema de M<sup>a</sup> Xosé Queizán, Xesús Rábade Paredes e Anxo Tarrío Varela. Estas lecturas foron expostas, xunto coa de Dolores Vilavedra —que non chegou a tempo para a súa publicación na revista, segundo se nos informa— o 22 de febreiro do ano 2007, cando a Fundación invitou a estes catro especialistas a facer a súa lectura do texto no Instituto “Rosalía de Castro” de Santiago, nunha sesión coordinada polo profesor Xesús Alonso Montero, autor dunha “Versión do poema de Rosalía de Castro en clave de romance de cego bolchevique” (V. *Poetas con Rosalía, I*, Fundación Rosalía de Castro, 2006).

Seguindo estas lecturas, atopamos a sección “Premios Rosalía de Castro 2006”, premios outorgados polo PEN Clube de Galicia cada dous anos a catro escritores de cada unha das linguas peninsulares - castelán, portugués, catalán e euskera - como recoñecemento á súa obra literaria. Nesta sección podemos ler, en cada unha destas respectivas linguas, o discurso de agradecemento dos autores que recibiron o citado premio no ano 2006: Isabel Allende, Agustina Bessa-Luís, Josep Palau i Frade e Arantxa Urretabizkaia.

Unha nova sección, chamada “Os poetas cantan a Rosalía”, ofrécenos versos de Ramón Cabanillas e Antón Zapata sobre Rosalía de Castro, contextualizados, presentados e explicados por dous especialistas: Fernando Pazos, no caso de Cabanillas, e Miro Villar, no de Zapata. Asimesmo, nesta sección, e como unha homena-

xe, se ofrece un soneto do asiduo colaborador da Fundación, Xosé Carlos Gómez Alfaro, de recente pasamento.

Xa preto da fin da revista, recollendo o obxectivo de traducir a obra de Rosalía a ámbitos nos que é pouco coñecida, atopamos a sección “Os poemas de Rosalía traducidos”. Neste caso, as traducións vértense ao francés —polo profesor García Vaamonde— e o —asturiano— Esperanza Mariño.

Como peche, os “Xuízos sobre Rosalía pouco coñecidos”: o discurso de Xosé M.<sup>a</sup> Álvarez Blázquez, pronunciado no Centro Galego de Buenos Aires nas xeirás da Festa de Galicia de

1969, baixo o título “Homenaxe a Rosalía”; e “Rosalía”, de Eugenio de Andrade.

A presentación do contido da revista fala por si mesma. Pouco queda por engadir. Atopámonos ante unha revista ben feita, de contidos bos, serios e variados, cunha variedade de aspectos que a enriquecen aínda máis e nos dan unha idea dos múltiples achegamentos que quedan por se facer á obra de Rosalía. Unha revista completa que cobre absolutamente os obxectivos propostos polo CER. Ante ela, só podemos sacar o chapeu e desexar que as dificultades remitan para que poidamos acceder a ela con máis asiduidade.